



PLAN DIXITAL

CRA de Bergondo

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Xustificación do Plan Dixital no noso centro
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- Nome e código do centro: CRA de Bergondo 15032561
- Etapas educativas: educación infantil
- Enderezo: Estrada A Coruña-Ferrol n.º 12. 15165- Bergondo
- Correo: cra.bergondo@edu.xunta.gal
- Páxina web: <http://centros.edu.xunta.es/cradebergondo/>
- Unidades e postos de traballo: 7 unidades de Ed. Infantil ubicadas nas localidades de Carrio, Guísamo (tres unidades), Lubre, Silvoso e Vixoi e 13 postos de traballo dos cales 9 son de Ed. Infantil (7 titoras e 2 apoios na aula), 1 de Ed. Física, 1 de Filoloxía inglesa, 1 de Audición e Linguaxe e 1 de Educación musical.

A optativa de relixión a imparte unha profesora en todas as unidades, a cal está adscrita ao CEIP Vales Villamarín de Betanzos

- Datos de matrícula neste curso:

ESCOLAS	4º EI	5º EI	6º EI	TOTAL
EEI CARRIO	2	10	4	16
EEI SILVOSO	5	2	6	13
EEI VIXOI	4	3	1	8
EEI LUBRE	4	2	6	12
GUÍSAMO (4º EI)	14			14
GUÍSAMO (5º EI)		13		13
GUÍSAMO (6º EI)			16	16
TOTAL	29	30	33	92

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Contextualización do centro

As escolas que forman o CRA de Bergondo están situadas nun entorno rural polo que os pais/nais dos nosos alumnos/as, na súa maioría, traballan no sector servizos na zona onde están ubicadas as escolas ou preto delas.

O nivel socioeconómico e o nivel cultural das familias é medio. Destaca a súa colaboración co centro educativo xa que, polas características demográficas das escolas hai un contacto diario

coas familias así como un intercambio de información e participación en diferentes actividades educativas que se levan a cabo nas aulas.

Incorporación e contribución do PD ao PEC

No CRA se traballa coas novas tecnoloxías dende o curso 2007/08, co gallo da chegada ás nosas aulas das Pizarras dixitais interactivas, elaborouse un Proxecto Tics que nos orientaría á hora de establecer unha liña de traballo nas diferentes escolas.

Ademais, houbo un compromiso por parte dos mestres do noso CRA para realizar proxectos que implicasen formación Tics para aplicar eses novos coñecementos ao traballo diario, como consecuencia, participamos en concursos, seminarios, grupos de traballo,... que fixeron que as Tics estivesen presentes ata o día de hoxe.

Por outro lado, para dar difusión ao traballo feito nas aulas, abrimos blogs para cada aula e especialidade.

Actualmente, se sigue traballando coas Tics pero moito menos que antes debido a que moitos dos nosos equipos así como as PDIs quedaron desfasadas, estas últimas respecto ao seu software, tampouco se segue co traballo de difusión nos blogs e non se participa en programas de innovación que teñan que ver coas tecnoloxías a nivel centro.

O Plan Dixital ten como obxectivo principal mellorar a competencia dixital do noso centro, por ese motivo, estará en concordancia co noso PEC, tendo en conta as características do noso centro e do noso alumnado.

Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23

Na Programación Xeral Anual recóllese a planificación escolar do curso. A incorporación do Plan Dixital ao mesmo contribuirá a determinar as prioridades e establecer os niveles de planificación que marcarán o plan de traballo do centro co obxectivo de mellorar dixitalmente e, como consecuencia, influirá en todos os plans, proxectos e documentos recollidos na Programación Xeral Anual do curso 22/23.

1.3. Xustificación do Plan Dixital no noso centro:

- LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación. Art. 111 bis e Art. 121
- Disposición Adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021/22.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021/2022.

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do Plan Dixital seguimos os seguintes pasos:

- creación do Equipo de Dinamización Dixital
- personalización e realización dun cuestionario SELFIE
- participación no test de Competencia Dixital Docente (CDD) por parte dalgúns mestres do noso centro
- elaboración do DAFO
- establecemento de obxectivos de traballo
- redacción do Plan Dixital de centro e posterior aprobación do mesmo por parte do Consello Escolar

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Descrición xeral da infraestrutura do centro:

As sete aulas e a sede que conforman o noso CRA teñen:

- infraestrutura de datos: internet por wifi e por cable, ampliada a conexión polo programa “Escolas conectadas”
- infraestrutura de voz: teléfonos fixos

Descrición do equipamento (procedencia e ano de chegada da dotación):

Equipamento	Escolas, sede e biblioteca								
	SEDE	BIBLIOTEC A	CARRIO	SILVOSO	VIXOI	LUBRE	GUÍSAMO 1	GUÍSAMO 2	GUÍSAMO 3
portátiles	Direc. Xunta 2015 Secret. Centro 2021 Profes. 2 Centro 2021 AUD. E LING. Xunta 2012	Centro 2019	Xunta 2014	Xunta 2015	Centro 2020	Xunta 2012	Xunta 2014	Centro 2020	Xunta 2014
							Sala de profes: Centro 2019		
PDIs			Xunta 2007	Xunta 2016	Xunta 2007	Xunta 2007	Smart 2008	Xunta 2007	Xunta 2007
proxectores			Xunta 2007	Xunta 2007	Xunta 2007	Centro 2021	Centro 2021	Centro 2021	Centro 2021
impresoras multifunción			Xunta 2016	Xunta 2016	Xunta 2016	Xunta 2016	2 Xunta 2016		
impresoras color	Centro 2013		Centro 2020	Centro 2020	Centro 2020	Centro 2020	Centro 2020		
fotocopiadora	Xunta 2015								

Identificación dos usos:

- **aulas dixitalizadas:** todos os espazos e aulas do noso centro teñen conexión a internet wifi e por cable e ordenadores portátiles. A maiores, nas aulas 7 aulas de infantil hai PDI e proxector. Catro das cinco escolas teñen unha impresora multifunción e impresora de color nas aulas a excepción da escola de Guísamo, que ten na súa sala de profesores 2 impresoras multifunción e 1 impresora a color.

- **equipos de xestión e administración:** na sede, que é onde se xestiona o funcionamento administrativo do centro hai dous postos (dirección e secretaría), alí hai un ordenador portátil que usa dirección e outro que usa a secretaría así como unha impresora a color e unha fotocopiadora

- **equipos para o uso nas salas de profesorado:** na sede hai 2 portátiles para a disposición dos profesores así como o uso común da impresora a color de dirección e a fotocopiadora.

Na sala de profesores da escola de Guísamo hai un portátil para o uso do profesorado así como unha impresora a color e dúas multifuncións

- **biblioteca:** hai un ordenador portátil que usa a persoa responsable da mesma para catalogar libros, dalos de alta e baixa no programa Meiga

- **audición e linguaxe:** hai un ordenador portátil que usa a persoa responsable da mesma para programar e desenvolver actividades varias segundo as necesidades do alumnado

Servizos dixitais educativos:

- **corporativos:** páxina web do centro, correo electrónico do CRA, Abalarmóbil
- **non corporativos:** blogs, Instagram educativo e correos electrónicos das aulas

Xestión do mantemento do equipamento do centro:

O mantemento do equipamento do centro está a cargo da UAC, en relación coa conectividade e resolución de problemas con equipamento que provén da Consellería e, por parte dun técnico externo cando se trata de mantemento de equipamento mercado polo centro.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: medidores (0-5)

ÁREAS	GRUPOS	ENSINANZAS: ed. Infantil
A. Liderado	Equipo directivo	2,8
	Profesorado	3,3
	Alumnado	0
B. Colaboración e redes	Equipo directivo	3
	Profesorado	2,9
	Alumnado	0
	Equipo directivo	3,4

ÁREAS	GRUPOS	ENSINANZAS: ed. Infantil
C. Infraestructuras e equipo	Profesorado	3,2
	Alumnado	0
D. Desenvolvemento profesional continuo	Equipo directivo	3,3
	Profesorado	3,4
	Alumnado	0
E. Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo directivo	4,2
	Profesorado	4
	Alumnado	0
F. Pedagogía: Implementación na aula	Equipo directivo	3,8
	Profesorado	3,5
	Alumnado	0
G. Prácticas de avaliación	Equipo directivo	3,3
	Profesorado	2,7
	Alumnado	0
H. Competencias dixitais do alumnado	Equipo directivo	3,8
	Profesorado	2,4
	Alumnado	0

Test CDD:

Participación segundo o perfil do profesorado

	N.º de profesorado que participa	N.º profesorado total	% de participación
DEFINITIVO	10	13	76,9%
SUBSTITUTO	1	2	50%

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
71.6	Intergrador/a (B1)	76.5	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Etapas Ed. Infantil	61,3	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Explorador/a (A2)	6	54,5%

Integrador/a (B1)	2	18,2%
Experto/a (B2)	3	27,3%
TOTAL	11	100%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> - O centro ten suficientes infraestruturas - Temos acceso a internet, asistencia técnica externa e da UAC - As persoas que traballamos no centro seguimos os protocolos de protección de datos - Temos dispositivos dixitais que utilizamos para o aprendizaxe dos nosos alumnos/as 	<ul style="list-style-type: none"> - Nalgunhas escolas o espazo é reducido respecto ao número de alumnos - O acceso a internet falla ou é moi lento e a asistencia técnica non é suficiente xa que nalgunhas escolas os equipos pasan tempo avariados - Os dispositivos dixitais, na súa maioría, están moi anticuados
	PERSONAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - Traballamos coas tecnoloxías no noso centro, elaboramos materiais, utilizamos recursos en liña e compartimos algúns así como experiencias nos nosos blogues - Cremos que o DPC é importante así que nos formamos - Utilizamos na aula tecnoloxías dixitais atendendo e implicando ao noso alumnado, segundo as súas necesidades, fomentando a súa creatividade mediante proxectos interdisciplinarios - Avaliamos as capacidades dos nosos alumnos e autorreflexionamos sobre como lles podemos achegar de maneira máis significativa, os contidos 	<ul style="list-style-type: none"> - O tempo que dispoñemos para explorar a ensinanza dixital é insuficiente - Os equipos tecnolóxicos moitas veces non axudan debido á antigüidade dos mesmos, o que nos impide aplicar o que aprendemos nos cursos moitas veces
	PERSONAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		
	FAMILIAS		
	OFERTA	<ul style="list-style-type: none"> - Temos unha estratexia dixital e facemos uso das tecnoloxías na nosa práctica docente 	<ul style="list-style-type: none"> - Non todos os profesores do noso centro utilizan as tecnoloxías na aula
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> - Temos asistencia técnica externa e tamén os servizos da UAC 	<ul style="list-style-type: none"> - Tanto a asistencia técnica externa como a que nos ofrece a UAC non é suficiente porque algúns equipos dalgunhas escolas están inutilizados continuamente

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		
	LEXISLACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> - Seguimos a lexislación e as recomendacións que non achegan dende a Consellería para que os datos do noso alumnado e o tratamento da súa imaxe, dentro do centro, estea protexida 	
	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	<ul style="list-style-type: none"> - O Concello colabora co noso centro de diferentes maneiras - Entidades sen ánimo de lucro fan charlas e actividades nas escolas de cando en vez. 	

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Táboa para o obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: Área B. Colaboración e redes						
OBXECTIVO 1 (1):	Informar ás familias das actividades desenvoltas mediante blogs ou redes sociais educativas				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador Tics				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de mestres que utilizan blogs ou Instagram con fins educativos (Instrumento de medida: cuestionario)					
Valor de partida (3)	Non hai rexistro do uso de blogs. Tres titoras utilizan Instagram educativo no curso 21/22					
Valor previsto e data (4)	6 aulas utilizan redes sociais educativas			30/06/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Revisar e modificar os documentos relativos á utilización da imaxe persoal do alumnado en redes sociais especificando claramente que non se retrate a cara do neno/a, o seu uso unicamente educativo e o permiso por escrito por parte dos titores legais dos alumnos/as	Equipo directivo Coordinador Tics	15/11/22	Reunións Documentos de uso da imaxe		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Motivar ao profesorado sobre a importancia das Tics e a difusión de experiencias	Coordinador Tics	21/12/22	Reunións		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Utilización regular das redes sociais educativas	Profesorado	30/06/23	Contidos dixitais en redes sociais educativas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa para o obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: Área D. Desenvolvemento profesional continuo						
OBXECTIVO 1 (1):	Elaboración de materiais educativos mediante aplicacións dixitais (Canva)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador Tics				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de profesores que utilizan habitualmente Canva para crear materiais educativos					
Valor de partida (3)	1 profesor utiliza habitualmente Canva para crear materiais educativos					
Valor previsto e data (4)	10 profesores utilizan habitualmente Canva para crear materiais educativos			30/06/23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Determinar o tipo de materiais que queremos elaborar	Profesorado	24/10/22	Reunións		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Crear un grupo de traballo dentro do noso PFPP	Coordinador Tics	14/11/22	Reunións		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Formación en Canva	Grupo de traballo	03/04/23	Equipos informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.4: Elaboración de materiais	Grupo de traballo	30/06/23	Exemplos de materiais elaborados		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
 - a. **Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCÍONS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Recollemos neste documento unha necesidade de renovación de equipamento para o noso centro:

- **renovación de PDIs** para o uso nas aulas xa que, agás a da escola de Silvoso, todas son moi antigas (2007-08), non cumpren a súa función interactiva xa que o seu software quedou obsoleto
- **renovación de portátiles:** os portátiles cedidos pola Xunta no seu momento datan do ano 2012 ao 2015, a maioría fallan

Infraestruturas tecnolóxicas:

A conexión inalámbrica a internet falla moitas veces, non sabemos se ten que ver coa calidade da conexión ou coa cobertura.

Todas estas demandas están destinadas ao uso dos profesores/as e alumnos/as así como á labor de ensino-aprendizaxe.

4. Avaliación do plan

4.1. Seguimento do Plan de Acción:

A avaliación ten como finalidade o seguimento do plan e a consecución dos obxectivos que se plantexan, por ese motivo, se fará unha:

- avaliación procesual: realizarase unha vez ao trimestre, nela se valorará a execución das accións destinadas a cumprir os obxectivos establecidos así como os resultados obtidos e, se fose o caso, as modificacións das accións e as propostas de mellora.
- avaliación final: realizarase unha vez ao ano, a finais de curso, nela se valorará o logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

A difusión do Plan Dixital de centro se fará mediante a páxina web do centro <http://www.edu.xunta.gal/centros/crabergondo/>